

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ENTIDADE "ESPAÑA CON ACNUR" PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "PROTECCIÓN E ASISTENCIA EN RESPONSA Á VIOLENCIA SSEXUAL E DE XÉNERO CON ESPECIAL ATENCIÓN Á TRATA CON MOTIVOS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL PARA A POBOACIÓN DESPRAZADA SUDANESA E SURSUDANESA NO ALTO NILO, SUDÁN DO SUR".

(1) No mes de decembro de 2017 aprobouse o documento refundido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, o cal recolle varias medidas en materia de cooperación internacional, tales como promover que no marco da cooperación internacional destínense recursos para medidas específicas contra a violencia machista dentro dos protocolos de actuación en campos de refuxiados e refuxiadas (trata, agresións sexuais...) (Medida 36 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).

O 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Así mesmo, pola Conferencia Sectorial de Igualdade do 3 de marzo de 2023 aprobouse o Plan Conxunto Plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

Ademais, o 4 de agosto de 2022 aprobouse o I Plan Galego contra Trata de Seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, e na área estratéxica 2, Reforzo dos procesos de prevención, detección, identificación e protección das vítimas prevé, na medida 2.1.1, o fomento da colaboración con institucións e entidades do terceiro sector que desenvolvan proxectos sociais con mulleres de países en vías de desenvolvemento, para informais e orientalas sobre os riscos nos procesos migratorios e as situacións de trata O 26 de febreiro de 2025 o pleno do Congreso dos Deputados aprobou a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. As medidas contempladas abordan a loita contra a violencia machista desde distintos ámbitos: sensibilización, resposta institucional, asistencia e protección das vítimas.

Dentro das medidas do novo Pacto figuran a de promover que no marco da cooperación internacional se destinen recursos para medidas específicas contra a violencia machista dentro dos protocolos de actuación en campos de refuxiados e refuxiadas (trata,



agresións sexuais...) así como a impulsar medidas específicas para refuxiados e refuxiadas para a prevención da violencia machista contra as mulleres e menores de idade (Medidas 121 e 122).

Dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado refírense a competencias específicas sectoriais de distintos organismos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero puxo ao dispor dos devanditos organismos os fondos necesarios para a execución das medidas correspondentes por razón da materia, a prol dunha xestión máis eficaz e eficiente das mesmas. Entre os devanditos organismos atópase a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que colabora no desenvolvemento das medidas 121 e 122 previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se refire a promover que no marco da cooperación internacional destínense recursos para medidas específicas contra a violencia machista. e explotación sexual.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento. Unha das prioridades establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é o ámbito da acción humanitaria de emerxencia. O V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 reconece un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico, polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables, na que se inclúe o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes: No ano 2008 asinouse coa Asociación España con ACNUR, Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados, un Acordo marco de colaboración a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de axuda humanitaria en apoio ás persoas refuxiadas. Nese mesmo ano asinouse a primeira addenda ao Acordo Marco por valor de 50.000 € para actuacións no Chad.

Nos anos 2009 e 2010 asináronse dúas novas addendas para a prestación de axuda de emerxencia ás persoas desprazadas internamente en Somalia e para a poboación refuxiada en Uganda, por importe de 60.000 € e 50.000 €, respectivamente.



No 2011, trala extinción da FAHG, asinouse un convenio de colaboración a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE por importe de 25.000 € para o apoio aos refuxiados no leste do Chad, ao que se lle deu continuidade no 2012, asinando un novo convenio de 25.000 € para contribuír a paliar a emerxencia nutricional nos campos de refuxiados de Dadaab, en Kenya. No 2013 asinouse un novo convenio para paliar as consecuencias do conflito sirio por 10.000 €, nos anos 2014, 2015 e 2016 asinouse un convenio por 20.000€ cada ano, que deu acceso a auga potable as persoas refuxiadas sudanesas no leste do Chad. No ano 2017 o obxecto do convenio asinado por un monto de 20.000 € foi o de prestar asistencia básica á poboación siria refuxiada en Xordania. No 2018 continuou a prestación de asistencia aos refuxiados sirios neste caso no Líbano. No 2019 asinouse outro convenio de 130.000€ para a execución do proxecto "Protección e resposta á violencia sexual e de xénero de poboación refuxiada congoleña en Uganda", en cumprimento da medida 36 do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. O ano 2020 asináronse dous convenios, un para o proxecto de "prevención e resposta ante o coronavirus para as persoas refuxiadas" por importe de 30.000,00 € e outro para a "Loita contra a violencia sexual e a discriminación socio-económica das mulleres na República Democrática do Congo- RDC", no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero por importe de 84.000,00 €, ao que se lle deu continuidade no 2021, no 2022, no 2023 e que se realizou tamén no ano 2024, con especial atención a trata con motivos de explotación sexual.

No ano 2025 firmouse outro convenio con ACNUR para a execución do proxecto "Protección e asistencia en resposta á violencia sexual e de xénero con especial atención a trata con motivos de explotación sexual, a mulleres e nenas refuxiadas sudanesas e das comunidades de acollida en Jamjang, norte de Sudán do Sur".

No ano 2026 propónse dar continuidade a colaboración con ACNUR coa financiación do proxecto "Protección e asistencia en resposta á violencia sexual e de xénero con especial atención á trata con motivos de explotación sexual para a poboación desprazada sudanesa e sursudanesa no Alto Nilo, Sudán do Sur.

(3) Finalidade: Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a entidade "España con ACNUR" para a execución do proxecto "Protección e asistencia en resposta á violencia sexual e de xénero con especial atención



á trata con motivos de explotación sexual para a poboación desprazada sudanesa e sursudanesa no Alto Nilo, Sudán do Sur”.

(4) O convenio ten por obxecto contribuír á protección da poboación refuxiada sudanesa e sursudanesa das comunidades de acollida mediante unha resposta integral de protección contra a violencia de xénero con especial atención a trátaa por motivos de explotación sexual e a falta de acceso a recursos desde un enfoque de construción da paz e coidado ambiental nos campos de persoas refuxiadas, desprazadas internas e comunidades de acollida do estado do Alto Nilo, fronteira norte de Sudán do Sur con Sudán.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e as partes son conscientes de que é preciso aunar esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación refuxiada, con atención especial á loita contra a violencia de xénero.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 84.000 € (oitenta e catro mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0. Esta cantidade representa o 100% do orzamentos total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

